

DOCUMENTO INFORMATIVO PISCINA DA ROCHEIRA

ANTES DE CUBRIR O FORMULARIO, LE ATENTAMENTE A SEGUINTE INFORMACIÓN

AFORO	50 persoas		
HORARIO	De luns a venres de 15:00 a 19:00h Sábados e Domingos de 12:00 a 19:00h		
TAXAS	ADULTOS	MENORES 14 ANOS MAIORES 65 ANOS	FINS DE SEMANA
	15,00 €/mes	6,00 €/mes	6,00 €/mes
APERTURA	1 DE XULLO		
<i>Será necesario o xustificante de pago para a formalización da inscrición.</i>			

A crise sanitaria provocada polo COVID-19 supón a necesidade de adaptar as actividades extremando as precaucións e normas hixienico-sanitarias establecidas polas autoridades competentes, prestando especial atención a:

- Distanciamiento social (1,5 mtrs.)
- Desinfección de mans.
- Dotar os espazos onde se desenvolvan as actividades das pertinentes medidas hixiénicas (dispensadores de xel, papeleiras de pedal, carteis informativos...)

Coa finalidade de adaptar a actividade de piscina a nova normalidade vemonos na obriga de modificar a súa dinámica tradicional polo que:

- O aforo total da instalación será de 50 persoas.
- Para o acceso será imprescindible facerse socio da instalación, polo que se lle proporcionará un carné sen o cal non se poderá acceder a piscina.
- Obriga de toma de temperatura antes do acceso a instalación. Se o resultado é de 37,5 ou maior, non se poderá acceder ás mesmas.
- Ante calquera síntoma compatible co COVID-19 será obrigatorio abandonar a instalación.
- O tempo de uso de instalación será de 45 minutos.
- Prohibido realizar actos que perturben, molesten ou poñan en perigo a outros usuarios, dificulten ou obstaculicen o desenvolvemento da actividade, supoñan dano material para a instalación ou afecten a saúde e a hixiene en xeral.
- Para o acceso ao baño só estará permitido o acceso individual, agás no caso de adultos que acompañen a nenos menores para o uso da piscina infantil.
- Queda prohibido o uso de vestiarios.
- Na instalación só se permitirá o baño, quedando prohibido a permanencia na instalación sen ser para o uso da piscina.
- Prohíbese comer, beber e fumar no interior da instalación.
- Será obrigatorio o uso do gorro.
- Non se emprestará material auxiliar e so se permitirá o uso persoal de material de flotación naqueles casos estritamente necesarios.
- Recomendase o uso de gafas.
- A dirección reserva o dereito a aplicar calquera outra normativa que considere oportuna, en beneficio do bo uso e sostenibilidade da instalación.

O Concello resérvase o dereito de expulsar das instalacións as persoas usuarias que non cumpran estas normas.

Cómo inscribirse?

Para formalizar a inscrición deberase presentar o formulario debidamente cuberto, no primeiro andar do Edificio de Servizos Múltiples en horario de 8:00 a 14:00h.

- O formulario de inscrición debidamente cuberto e asinado.
- Asinar a admisión de risco e exención de responsabilidade en relación co COVID-19.
- Xustificante de pagamento.

